

OPERACIÓN MASACRE

1598

Jorge Cedrón, 1973

ESTREA EN NUMAX: 23.09.2025 | V.O. | 95 min

En 1956 fracasa un contra-golpe militar á ditadura automeada Revolución Libertadora, e nun terreo descampado de José León Suárez, provincia de Buenos Aires, son asasinados varios civís sospeitosos de formaren parte do alzamento. Porén, sete persoas logran sobrevivir á matanza e contar a historia.

«O propósito de facer 'Operación masacre' foi, primeiro, entender eu mesmo que era o peronismo e logo entender en profundidade o significado da loita de clases»

Jorge Cedrón



En recordo de Jorge Cedrón

Por Felipe Méndez Casariego

No primeiro día de xuño de 1980, morreu o cineasta e militante peronista Jorge Cedrón. Estaba no exilio en París, e ese día nunha comisaría, declarando. Cedrón é unha peza fundamental do cinema político arxentino dos anos 70. Naceu en 1942 na familia Cedrón, artistas de sangue. Viviu en Capital Federal, Mar del Prata, Don Torcuato e París. De mozo descubriu o cinema e o peronismo. Traballou do que puido para filmar e nunca deixou de militar. En toda a súa carreira produciu só catro longametraxes: *El habilitado* (1971), *Operación Masacre* (1973), *Resistir* (1978) e *Gotán* (1979). Catro películas dunha heteroxeneidade pouco habitual nos autores do cinema nacional atravesadas unicamente por unha constante: a súa mirada política e a súa politicidade estética.

Basta con ver unha vez a súa primeira película, *El habilitado*, para recibir unha brisa inmediata da súa mocidade e para comprender moitos dos elementos que logo constituirán a súa figura autoral. O filme sèrvese dos recordos dos seus anos de mocidade en Mar del Prata para narrar a vida duns pobres empregados nun local de teas que, no soto, viven co único soño de subir ao primeiro piso, de ser o habilitado. A rambla onde o protagonista anda en bicicleta e observa o mundo, o soto do negocio “Los Gallegos” onde os personaxes son explotados, as conquistas amorosas no medio do campo e os conflitos familiares nesa pequena e pobre choza son todos recordos da súa propia vida que conforman unha caste de autobiografía temperá onde se prioriza un só enfoque: a súa mirada crúa sobre a realidade.

Os Cedrón mudáronse a Mar del Prata en 1951. Vivía cos seus irmáns e os seus pais nunha casa de campo sen electricidade. Aí, entre xogos e galgos que criaba co seu irmáns, viviu a súa mocidade e coñeceu o cinema. “Cando tiña dezaseis ou dezasete anos e vivía no campo, os únicos filmes arxentinos que me falaban na linguaxe que utilizaba cos meus amigos eran os de Torre Nilsson. O día que ví en pantalla *Fin de fiesta* (1960) díxenme: vou facer cinema. Cando eu vivía en Mar del Prata parecíame que Torre Nilsson era unha especie de Xesucristo”.

Tamén en Mar del Plata, traballando no soto de “Los Gallegos” e vendo as pernas dos compradores que aparecen en *El habilitado*, foi que se enfrontou ás inxustizas e desigualdades que anos máis tarde o levaron á militancia clandestina que terminaría no exilio. “Por que os personaxes meus son de lumpen para abaixo? Porque dalgunha maneira pertenzo a unha clase. De aí o meu ingreso ao peronismo”, afirmou.

En 1971, *El habilitado* buscou inserirse nun sistema comercial que non tiña espazo para o cinema político. “Pensaba que ao rematar un filme, levábase ao Instituto de Cinema, tomábaa un distribuidor... e era todo lindo. Era como crer en Deus. Eu queríalle gañar á morte, queríalles gañar a todos! Pero non: o Instituto excluíume dos beneficios oficiais, os distribuidores rexeitárona, os exhibidores non a querían... Estreámola daquela maneira e vírona cinco mil persoas!”. O mundo intelectual tampouco a comprendeu, non era para eles. Anos máis tarde, Cedrón comezaría a traballar en *Operación Masacre* decidido a abandonar o circuíto comercial. Realizou a película baixo un dos primeiros sistemas de cooperativa e estreouna clandestinamente.

Por mor do fracaso comercial de *El habilitado*, Cedrón reflexionou: “Interésame contribuír a formar un novo público, ou unha nova conciencia no público que vai ao cinema, creando, no posible, unha imaxe non distorsionada da realidade arxentina actual. Quero facer un cinema popular e entendo por cinema popular o que se nutre co pobo, con todos os temas, a tenrura, os odios, as alegrías e tristezas que alberga ese mesmo pobo. O único que espero é que o público, o soberano, poida entendelo; os problemas son seus e así os quixemos pintar”.